

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2017

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

- 1º. A acta da reunión ordinaria do día 21 de xullo de 2017.
- 2º. En relación coas propostas de gasto a incluír no remanente orzamentario da Facultade:
 - a) Que o equipo decanal se reúna coa xefa da área económica para aclarar o tema das partidas orzamentarias e os gastos que se poden acometer.
 - b) Delegar nos membros do equipo decanal a valoración das suxestións respecto á compra de diverso material para as aulas e para a sala de xuntas do Decanato.
 - c) Que a Comisión de calidade celebre unha reunión a principios do ano 2018 coa finalidade de tratar as cuestións relativas ao correspondente orzamento.
- 3º. A externalización da xestión da presenza do Centro nas redes sociais.
- 4º. Validar a análise comparativa entre as taxas de éxito, rendemento e avaliación da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, en cumprimento da proposta de mellora “2016GDT02”.
- 5º. A celebración do Curso de Actualización Xurídica, independentemente de que se poida incluír como curso de formación permanente do profesorado.
- 6º. Validar os Informes de Coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía.
- 7º. A Axenda Básica para o desenvolvemento de programas de calidade do centro para o primeiro cuadrimestre do curso 2017/2018.
- 8º. Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía, a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.
- 9º. Solicitar á Área de Formación e Innovación Educativa a realización dun curso sobre “Introducción a Excel”.

10º. Delegar no Sr. Vicedecano de Planificación e Calidade as xestións que procedan coa finalidade de incluír na web da Facultade ao Persoal Docente e Investigador vencellado a grupos de investigación do Centro.

Ourense, 3 de outubro de 2017



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 2 de outubro de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 3 de outubro de 2017.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública.

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.